



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 1 de 67

PLAN DE CONVIVENCIA

ELABORADO POR: EQUIPO DIRECTIVO	REVISADO POR: EQUIPO DIRECTIVO	APROBADO POR: <ul style="list-style-type: none">• CLAUSTRO DE PROFESORES• CONSELLO ESCOLAR
DATA: 04/09/09	DATA: 27/09/21	DATA: 28/09/21
Este documento é propiedade do CPR. PLURILINGÜE NOSA SRA. DO PILAR-FOZ (Lugo), quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así se estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como mostralo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito da Dirección do CPR. PLURILINGÜE NOSA SRA. DO PILAR-FOZ (Lugo)		



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 2 de 67

ÍNDICE

1. PRINCIPIOS E XUSTIFICACIÓN PARA UN PLAN DE CONVIVENCIA	4
2. ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA. BASE LEGAL.....	4
3. PORTAIS EDUCATIVOS MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA :	5
4. COMPETENCIAS E RESPONSABILIDADES DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DA DIRECCIÓN DO CENTRO	8
5. ANÁLISE DA SITUACIÓN.....	11
5.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O SEU ÁMBITO.....	11
5.2. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....	14
6. OBXECTIVOS XERAIS PLAN DE CONVIVENCIA	17
6. OBXECTIVOS XERAIS PLAN DE CONVIVENCIA	17
6.1. Obxectivos xerais do Plan de Convivencia.....	17
6.2. Planificación dos obxectivos e actuacións:.....	17
7. NORMAS DE CONVIVENCIA	22
8. ACCIÓNS E ACTIVIDADES DE INTERVENCIÓN.....	33
8.1- Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación:.....	33
8.2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos:	33
8.3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá:.....	33
8.4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:.....	33
8.5. Medidas preventivas:.....	34
9. MEDIACIÓN NA XESTIÓN DOS CONFLITOS.	35
9.1. Intervención conductas disruptivas.....	35
9.2. Protocolo de actuación no caso de que se detecten condutas de acoso ou intimidación entre alumnos.....	35
10.-ESTRATEGIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	36
11.-PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.	37
12. ANEXOS	38
ANEXO 1.....	39
NORMATIVA DE USO AULAS ABALAR.....	39
ANEXO II. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNHA VEZ DETECTADO O ACOSO.....	43



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 3 de 67

ANEXO III: DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR O POSIBLE CÓMPUTO DE CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA A EFECTOS DE DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN.....	45
ANEXO IV: RESOLUCIÓN SOBRE O CÓMPUTO DE CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA A EFECTOS DE DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN.....	46
ANEXO V: ALEGACIÓNS ANTE MEDIDAS CORRECTORAS G) E H) DE CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DE CARÁCTER LEVE	47
ANEXO VI: RESOLUCIÓN SOBRE REVISIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.....	48
ANEXO VII: COMUNICACIÓN DUNHA POSIBLE CONDUTA GRAVEMENTE PREXUDICIAL PARA A CONVIVENCIA	49
ANEXO VIII: INCOACIÓ DE PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓ DE MEDIDAS CORRECTORAS.....	50
ANEXO IX: PROCEDEMENTO CONCILIADO: ACEPTACIÓ E CITACIÓ	53
ANEXO X: COMUNICACIÓ SOBRE TRAMITACIÓ DE PROCEDEMENTO CORRECTOR POLO PROCEDEMENTO COMÚN.....	55
ANEXO XI: FIN DE PROCEDEMENTO CONCILIADO POR INCUMPRIMENTO E PASO A	56
PROCEDEMENTO COMÚN.....	56
ANEXO XII: FIN DE PROCEDEMENTO CONCILIADO E ARQUIVO.....	57
ANEXO XIII: PROPOSTA Á DIRECCIÓ DE MEDIDAS PROVISIONAIS.....	58
ANEXO XIV: RESOLUCIÓ SOBRE MEDIDAS PROVISIONAIS.....	59
ANEXO XV: PROPOSTA DE RESOLUCIÓ.....	60
ANEXO XVI: RESOLUCIÓ DO PROCEDEMENTO CORRECTOR	62
ANEXO XVII: PROPOSTA DE RESOLUCIÓ DE CAMBIO DE CENTRO	65

**“Se non podemos poñer fin ás nosas diferenzas,
contribuamos a que o mundo sexa un lugar apto para elas”
(Anónimo)**



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 4 de 67

1. PRINCIPIOS E XUSTIFICACIÓN PARA UN PLAN DE CONVIVENCIA

1.1 ¿Por que a necesidade dun Plan de Convivencia?

A elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, no seu caso, a súa actualización conforme ao establecido na normativa vixente.

As persoas aprendemos a convivir relacionándonos uns cos outros, afrontando o conflito como unha oportunidade para o crecemento e a maduración persoal. Ao longo da nosa vida, moi a miúdo, preséntasenos o reto de aprender a convivir co conflito de forma positiva, descartando a violencia como unha resposta aceptable.

Polo tanto, o noso centro desenvolve este proxecto: o *Plan de Convivencia*, a meta do cal é a tolerancia cero para a violencia escolar.

Pretendemos que o *Plan de Convivencia* sexa unha ferramenta eficaz para a intervención, a mediación e a prevención da violencia escolar.

Posto que, o conflito é parte inevitable do proceso de crecemento e desenvolvemento de calquera grupo social e do ser humano, o *Plan de Convivencia* ten como obxectivos a *prevención* da violencia no noso centro escolar; a *intervención* ante condutas problemáticas, así como o *fomento da convivencia* para proporcionar seguridade e respecto non só ao alumnado senón tamén aos docentes e ás familias.

Así pois, centrárase abordando o conflito con naturalidade antes de que dexenere en episodios de indesexable violencia, en intervencións que garantan a seguridade dos alumnos e na atención nosas as familias.

Antes de poñer en marcha o noso programa para a mellora da convivencia escolar, o equipo de traballo deste Plan formulouse cal é o estado da cuestión no noso centro, cál qué grao de violencia existente, e cáles son os problemas máis frecuentes ou os máis incitantes que debemos resolver.

A través dunha enquisa a profesores e aos nosos alumnos, e analizados os resultados, establecemos cal é a realidade do noso centro e qué aspectos son os que temos que traballar para mellorar a nosa convivencia.

Posto que se trata dun plan dinámico, irá evolucionando co paso dos anos.

2. ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA. BASE LEGAL.

Os artigos 120 e 124 da Ley orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración dos seus normas de convivencia e das de organización e funcionamento.

Concretamente no título do artigo 124 da citada Lei orgánica, aparece a denominación. Normas de organización, funcionamento e convivencia, aínda que no desenvolvemento do citado artigo se aluden de maneira diferenciada as normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia, de ahí o título diferenciado nos artigos 18 e 19 do Decreto 8/2015.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 5 de 67

Entre os documentos máis importantes do centro en materia de convivencia escolar (elaborados en base á normativa legal pero considerando a citada autonomía dos centros educativos) destacan:

- As Normas de Organización e Funcionamiento (NOF), como documento institucional independente nos centros educativos (no artigo 124 da LOE-LOMCE aparece reflexado como Normas de organización, funcionamento e convivencia)
- O Plan de convivencia, que incorpora as actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia nos centros docentes.
- DECRETO 8/2015, de 8 de enero, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

A elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, no seu caso, a súa actualización conforme ao establecido neste decreto.

Estos documentos son:

- a) O proxecto educativo do centro.
- b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada.
- c) O plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial.
- d) As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garanten o cumprimento do plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.
- e) A programación xeral anual.

3. PORTAIS EDUCATIVOS MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA :



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Página 6 de 67

Portal de convivencia. <http://www.convivencia.mec.es/>

MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES : Observatorio de la infancia.
<http://www.mtas.es/SGAS/FamiliaInfanc/infancia/Observatorio/ObsInfancia.htm>

ANDALUCÍA: “Observatorio de la infancia en Andalucía”.
<http://www.juntadeandalucia.es/observatoriodelainfancia/oia/esp/index.aspx>

ANDALUCÍA: “Educación para la convivencia y la paz “.
http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos/educacion_paz.php3

ARAGÓN: “Cuento Contigo” Portal de convivencia. <http://catedu.es/convivencia/>

ASTURIAS: Documentación sobre acoso escolar.
<http://www.educastur.princast.es/recursos/diversidad/acoso/>

ASTURIAS: “Observatorio de la Infancia y la Adolescencia”.
<http://www.graficosweb.com/observatorio/>

BALEARES: “Observatori per a la Convivència Escolar”.
<http://www.observatoriconvivenciaescolar.es/>

CANARIAS: Portal educativo
<http://www.educa.rcanaria.es/>

CANTABRIA: “Observatorio para la convivencia escolar”
<http://www.educantabria.es/portal/>

CASTILLA-LA MANCHA : “Convivencia escolar”.
<http://www.jccm.es/educacion/valores/construir/convivencia.html> Recursos
Plan.de.convivencia.do.centro 16

CASTILLA-LEÓN : “Convivencia y conflicto”.

<http://www.educa.jcyl.es>

CATALUÑA : “Unitat de Suport a la Convivència Escolar “.
<http://www.xtec.net/innovacio/convivencia/usce.htm>

MURCIA: “Convivencia escolar”.
<http://www.carm.es/educacion>

EXTREMADURA: “Si te molestan, no calles”.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 7 de 67

<http://www.educarex.es/acosoescolar/>

MADRID: “Anti-Bullying”.

<http://www.acosoescolar.info/index.htm>

LA RIOJA: “Convivencia escolar y atención a casos de acoso escolar “.

http://www.educarioja.org/educarioja/html/alm/acoso_escolar.html

NAVARRA: “Bullying. Quítate la venda”. Asesoría de convivencia.

<http://www.pnte.cfnavarra.es/convive/>

PAÍS VASCO: “www.ikasle.net”.

<http://www.ikasle.net>

VALENCIA: “Orientados”

. <http://www.cult.gva.es/orientados/>

17 5.3. OUTROS PORTAIS

Seminario Galego de Educación para a Paz: Fundación Cultura de Paz.

<http://www.sgep.org/>

Proxecto Atlántida: Educación e culturas democráticas.

<http://www.proyecto-atlantida.org/>

Cruz Roja Juventud : Páxina da mocidade da Cruz Vermella.

<http://www.cruzrojajuventud.org/>

Educación en valores : Convivencia.

<http://www.educacionenvalores.org/>

Orientaeduc.com : Convivencia escolar.

<http://www.orientaeduc.com/convivencia-escolar>

Enrédate con UNICEF: Violencia escolar

<http://www.enredate.org/>

Maltrato entre alumnos: Bullying

<http://www.xtec.es/~jcollell/index.htm>

Visionary: Violencia escolar e Bullying.

<http://www.bullying-in-school.info/es/content/home.html>

Centro Reina Sofía: Centro Reina Sofía para el estudio de la violencia.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 8 de 67

<http://www.gva.es/violencia/>

4. COMPETENCIAS E RESPONSABILIDADES DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DA DIRECCIÓN DO CENTRO

4.1.- AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR DO CENTRO.

Os axentes responsables da convivencia escolar do Centro son os seguintes:

- A comunidade educativa.
- O Consello escolar.
- A Comisión de convivencia.
- O claustro de profesores.
- O Director/Equipo Directivo.
- Xefe de Estudos

O Director

Corresponde ao Director velar pola realización das actividades programadas dentro do Plan de Convivencia do centro, garantir o cumprimento das normas establecidas no Regulamento de Réxime Interior, resolver os conflitos escolares e impoñer as sancións que corresponda aos alumnos, sen prexuízo das competencias que se lle atribúen directamente ao profesorado e as que están reservadas ao Consello Escolar.

No exercicio destas funcións, o Director é o competente para decidir a incoación e resolución do procedemento previsto no artigo 19 e seguintes, así como para a supervisión do cumprimento efectivo das sancións nos termos que fosen impostas.

Ao equipo directivo do centro lle corresponden as seguintes funcións:

- a) Elaborar, no seu caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenrolo, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentras esta non esté constituída.
- b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- c) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favorezca a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- d) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenrolo dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- e) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

O Xefe de Estudos

O Xefe de Estudos é o responsable directo da aplicación das Normas de Conduta e da disciplina escolar. Deberá levar control das faltas dos alumnos cometidas contra as citadas Normas de



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 9 de 67

Conduta e das sancións impostas e deberá informar de elas, periodicamente, os pais ou titores dos alumnos menores de idade.

As súas funcións serán:

- f) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- g) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflexadas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.
- h) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- i) Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendiese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

O profesorado

Os Profesores do centro, no seu labor formativo, exercerán a autoridade sobre os seus alumnos, e teñen o dereito e deber de facer respectar as Normas de Conduta establecidas no centro e corrixir naqueles comportamentos que sexan contrarios a estas, de conformidade co disposto no presente Plan de Convivencia e no Regulamento de Réxime Interior do centro.

Corresponde ao Profesor tutor valorar a xustificación das faltas de asistencia dos seus alumnos, fomentar a participación destes nas actividades programadas dentro do Plan de Convivencia e manter o necesario contacto coas familias co fin de que se cumpran os obxectivos do devandito Plan.

O Claustro de Profesores deberá informar as Normas de Conduta e as actividades incluídas no Plan de Convivencia. Así mesmo, coñecerá a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velará por que estas se atean á normativa vixente.

El claustro, ademais das funcións que lle atribue o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións:

- a) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

O Consello Escolar

O Consello Escolar é o competente para aprobar o Plan de Convivencia do Centro, garantindo que na súa elaboración participaran todos os sectores da comunidade educativa, así como que as Normas de Conduta establecidas se adecúen á realidade do centro educativo.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 10 de 67

Corresponde ao Consello Escolar do centro coñecer la resolución de conflitos disciplinarios, velar polo correcto exercicio dos dereitos e cumprimento de deberes dos alumnos e por que a resolución de conflitos se ataña á normativa vixente.

Comisión da Convivencia escolar no centro.

COMPOSICIÓN:

Esta Comisión da Convivencia está presidida polo Director do Centro e intégrana ademais:

- **O director ou directora do centro, que presidirá.**
- **O xefe ou xefa de estudos.**
- **Un representante do profesorado,**
- **O orientador/a do centro**
- **Unha persoa representante do alumnado.**
- **Unha persoa representante das familias.**
- **Unha persoa representante do PAS.**

COMPETENCIAS:

A Comisión da Convivencia ten as seguintes funcións:

- Dinamizar o Plan de Convivencia do Centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima da convivencia.
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar.
- Propor á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

(Poderá emitir recomendacións e instrucións para a mellora da convivencia e elaborará o informe trimestral de convivencia.

En todo caso decidirá as posibles aperturas de expedientes académicos e as correspondentes resolucións, aínda que estas deben ser convalidadas polo Consello Escolar cando a medida correctora que propoña sexa de cambio de Centro ou de expulsión do alumno por máis de quince días.)

PERIODICIDAD DE REUNIÓN:

A Comisión de Convivencia reunirse cada vez que sexa necesario, por temas disciplinarios e polo menos unha vez trimestralmente.

Reunirse, polo menos, unha vez ao ano, convocada polo seu Presidente (Director Titular) e das súas sesións levantarase a acta correspondente; actuará de Secretario o Xefe de Estudos.

As conclusións que se deriven de cada reunión da Comisión serán integradas para a súa información ao Equipo Directivo, Consello Escolar e titores afectados.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 11 de 67

5. ANÁLISE DA SITUACIÓN.

5.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O SEU ÁMBITO.

A) Situación xeográfica.

O noso Centro "CPR. NOSA SRA. DO PILAR", situáse na rúa Virxe do Pilar, nº 27, zona Sur da Vila de Foz. A saída e entrada ao centro realízase por esta mesma rúa que se atopa na parte traseira do edificio do Concello, rúa estreita e con innumerables problemas de tráfico nas horas de entrada e saída.

Foz, a nosa vila, está situada no Norte da provincia de Lugo e conta actualmente cuns 10.000 habitantes.

Esta vila, onde se atopa situado o Centro, non se caracteriza por problemas de marxinalidade nin inseguridade. É un pobo tranquilo e agradable.

En canto aos Servizos Sociais que rodean o centro atopámonos con: farmacias, Centro de Saúde, parques, escolas infantís, colexios, prensa nacional,....

B) Breve historia e características do centro.

O 27 de maio de 1946 chegan a Foz as Irmás Franciscanas da Purísima para facerse cargo da educación das nenas do pobo e os seus arredores instalándose nun local do Patronato Martínez Otero.

No ano 1974, tras varios cambios de ubicación, trasladan definitivamente a súa labor educativa ao novo edificio, no cal hoxe en día se continúa coa mesma ilusión a tarefa docente e espiritual comezada anos atrás.

Evolucionando coas novas necesidades e esixencias da sociedade, no ano 1985 transfórmase o Centro de nenas en Colexio Mixto.

Hoxe en día está considerado como un Centro docente de titularidade privada, con personalidade xurídica, plena capacidade e autonomía recoñecida na lexislación vixente.

É un Centro católico inscrito na misión docente da Igrexa que persegue educar na convivencia e na paz.

Actualmente atópase acollido ao réxime de concertos educativos nos niveis de Infantil, Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

C) Situación socio-cultural/ socio-económica.

Ao colexio acoden alumnos da vila e doutras zonas limítrofes, así máis dun tercio do alumnado utiliza o transporte escolar e máis dos dous tercios usan o comedor escolar.

Respecto ao nivel cultural dos pais é medio.

O nivel socioeconómico tamén se pode situar nunca escala media.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 12 de 67

D) Misión, Visión e Valores.

MISIÓN

O Colexio Nosa Sra. do Pilar é un centro confesionalmente católico que se inscribe na misión docente da Igrexa por medio da educación cristiá da nenez e xuventude co estilo franciscano e mariano que lle inspirou a Nai Fundadora Paula Gil.

- Consideramos a educación como un proceso harmónico que leve a alcanzar o desenvolvemento integral da persoa.
- Potenciamos o traballo intelectual para que cada alumno desenvolva ao máximo as súas capacidades.
- Formamos na análise e o sentido crítico que os capacite para o discernimento e a toma de decisións.
- Fomentamos a formación para o tempo libre.

VISIÓN

Ofrecer un ensino con estilo propio que promova o crecemento e maduración dos alumnos nas súas tres dimensións: persoal, social e transcendente, de acordo coa concepción cristiá, da vida e do mundo en colaboración coa familia e a sociedade.

A acción educativa caracterízase por:

- A atención e o amor persoal a cada alumno
- O profundo respecto e confianza nas posibilidades do seu crecemento persoal
- Favorecer a adecuada formación para a liberdade e o sentido crítico
- Educar na solidariedade.
- Empregar unha metodoloxía aberta e flexible proxectando a educación máis aló da aula mediante actividades extraescolares outorgando especial atención ás deportivas.
- Preparar aos alumnos para ser felices no seu traballo e útiles á igrexa e á sociedade.

Queremos conseguir que o noso Colexio sexa contemplado como un Centro Educativo comprometido cos valores cristiáns e humanos que prepare adecuadamente aos alumnos para afrontar o futuro con optimismo.

VALORES

Son actitudes e compromisos que se desprenden desta dimensión transcendente, baseada nos valores evanxélicos e franciscanos.

- Deus, valor absoluto en e por si mesmo.
- A Virxe Inmaculada, modelo de vida de fe e esperanza.
- O amor, como capacidade de dar e recibir gratuitamente
- A paz, como opción pola non violencia
- O respecto, como valor fundamental da convivencia
- A fraternidade, ser irmán de todos a imitación de Francisco de Asís
- A defensa da natureza, entendida como equilibrio entre todos os seres creados



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 13 de 67

E) Infraestrutura material e distribución do Centro.

O conxunto de edificacións e patio que compoñen o centro escolar ten como única rúa de acceso a Rúa do Pilar, é unha rúa estreita, con sentido único de circulación e non ten regulada a zona de aparcamento polo que existe risco de quedar bloqueada cando a afluencia de vehículos é alta.

O resto do entorno do centro son fincas privadas sen edificar.

Non existen actividades industriais nin doutro tipo que impliquen un risco notable nun radio de 100m do centro.

O Edificio Principal do centro educativo está formado por tres pavillóns:

O pavillón A posúe unhas dimensións de 45.75 x 24.33 m e consta dunha planta baixa e un piso. Aquí sitúanse todas as aulas.

O pavillón B posúe unhas dimensións exteriores de 20 x 16.15 m e consta dunha planta baixa, unha planta primeira e unha planta segunda. Están nesta edificación a entrada, capela/usuarios múltiples, despachos, aula de Tecnología, aulas de informática, Biblioteca e residencia das relixiosas

O pavillón C que é O edificio onde está ubicado o ximnasio ten unhas dimensións exteriores de 16.64 x 9.57 m

O pavillón polideportivo ten unhas dimensións de 42,78 x 30,13 m e sitúase a carón do patio, na parte traseira do Colexio-

O Centro dispón dun ascensor para o doado acceso ás diferentes plantas.

É un Centro acolledor, en parte motivado polo seu tamaño, polo reducido nº de alumnos por aula (unha media de 25 alumnos) e o ambiente cordial que se mantén entre os diferentes membros da Comunidade Educativa.

A capacidade total do Centro é de 300 alumnos.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 14 de 67

5.2. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

A) Características xerais do alumnado.

Para ter unha idea da situación actual da convivencia no Centro, realizamos unha enquisa entre os profesores de infantil, primaria e secundaria o que se obtiveron os seguintes resultados:

- En relación aos enfrontamentos entre alumnos e profesores os resultados foron claros e unha porcentaxe do 95% pensa que nunca acontecen.
- Os alumnos insúltanse e pelexan entre eles en contadas ocasións, son accións illadas que rapidamente son contrarrestadas sen chegar a maiores consecuencias.
- O mesmo acontece coa existencia de grupos temidos polos demais. Non se ten coñecemento da existencia dos devanditos grupos e todo se reduce a casos illados dalgún rapaz en particular.
- A integración dos nenos en xeral é satisfactoria salvo algún caso particular que é tratado pola acción titorial ou psicolóxica do Centro.
- En resumo, a situación actual do Centro é boa, salvo en casos puntuais, que son corrixibles e están suficientemente controlados e no futuro se intentarán corrixir os pequenos problemas que xorden co día a día e a convivencia no Centro.

Todos os cursos escolares, medimos:

- Percepción de Familias, Alumnado e Profesorado a través das enquisas de satisfacción. Preguntanse sobre:
 - Normas de disciplina
 - Acollida e integración
 - Clima de convivencia
- Indicadores de eficacia do plan de convivencia:
 - ✓ % de alumnos reincidentes aos que xa se lles aplicou unha sanción
 - ✓ % de alumnos con sancións graves e moi graves impostas

A continuación mostramos a evolución dos resultados dos indicadores de percepción e de eficacia do plan de convivencia dende o curso 2010/2011:

10/11	11/12	12/13	13/14	14/15
-------	-------	-------	-------	-------




PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 15 de 67

	CONVIENCIA, ORDE E DISCIPLINA	Media	Media	Media	Media	Media
E. alumnos	Coñezo as normas do Colexio	3,43	3,47	3,39	3,30	3,32
E. alumnos	Considero que as normas anteriores se aplican de xeito adecuado	2,73	2,63	2,62	2,74	2,69
E. alumnos	O Colexio preocúpase para que se cumpran as normas de convivencia	2,79	2,99	2,89	3,01	3,06
E. alumnos	Se non se cumpren as normas, sanciónanse debidamente	2,78	2,54	2,36	2,66	2,72
E. alumnos	O grado de satisfacción coa convivencia na aula valoroo	3,07	2,91	2,89	2,74	2,81
E. alumnos	A miña relación cos profesores calificaría	3,00	2,74	2,91	2,65	2,83
E. alumnos	Existe un bo clima de convivencia no Colexio	2,90	2,76	2,87	2,70	2,80
E. alumnos	Consideras que as anotacións no Diário de Aula repercute nun mellor comportamento dos alumnos/as no Centro	2,16	1,88	2,14	2,10	2,18
E. alumnos	Cres que se aplican as medidas oportunas a aqueles/as alumnos/as anotados/as nos partes	2,31	2,22	2,09	2,53	2,64
E. alumnos	Síntome contento e integrado no Centro	3,16	3,27	3,16	2,93	2,97
E. familias	Estamos informados do ideario do Centro		3,50		3,42	
E. familias	Existe un bo clima de convivencia no Colexio		3,42		3,21	
E. familias	Considera axeitado o grado de autoridade do profesorado respecto ós seus/súas alumnos/as na actividade docente		3,33		3,21	
E. familias	Se non se cumpren as normas, sanciónanse debidamente		3,19		3,13	
E. familias	Sentímonos a familia integrada no Colexio		3,45		3,28	
E. personal	Os conflitos disciplinarios graves son afrontados pola dirección de xeito satisfactorio.	2,77		3,27		
Indicadores	% de alumnos reincidentes aos que xa se lles aplicou unha sanción	0,00%	67,00%	33,00%	23,00%	30,77%
Indicadores	% de alumnos con sancións graves e moi graves impostas	0,22%	0,00%	1,00%	2,26%	1,46%



6. OBXECTIVOS XERAIS PLAN DE CONVIVENCIA

6.1. Obxectivos xerais do Plan de Convivencia

Non considerar os aspectos de convivencia só como aspectos organizativos senón ademais como contidos a desenvolver e parte da formación do alumnado. Débese ter en conta a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe.

1. Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán, porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma do individuo a conduta do cal requira a aplicación de medidas disciplinarias. A disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuales.
2. Diseñar e implantar un plan de actuación orientado á autorresponsabilidade do alumno e mellora da convivencia escolar e ao axeitado tratamento da conflitividade.
3. Promover e tomar en consideración as emocións e sentimentos das persoas a través do diálogo e a conversación para a toma de decisións consensuadas e mellora das relacións persoais
4. Dotar a Comunidade Educativa de recursos e ferramentas que nos permita traballar na prevención da conduta violenta e mellorar o clima escolar.

6.2. Planificación dos obxectivos e actuacións:

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS	INDICADORES
5. Non considerar os aspectos de convivencia só como aspectos organizativos senón ademais como contidos a desenvolver e parte da formación do alumnado. Débese ter en conta a convivencia e a participación	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación das normas de convivencia ao alumnado e as familias a través das Tutorías: - Benvida aos alumnos. - Entrega do tríptico as familias nas reunións de inicio de curso 	Inicio de curso	Reunións de principio de curso e plan de tutorías	Valoración da percepción de alumnos/As e familias sobre a aplicación das normas de convivencia

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS	INDICADORES
como parte da aprendizaxe.				
<p>6. Deseñar e implantar un plan de actuación orientado á autorresponsabilidade do alumno e mellora da convivencia escolar e ao axeitado tratamento da conflictividade.</p>	<p>Formación a través do plan de titorías ao alumnado e de charlas as familias a través do ANPA.</p> <p>Realizar as seguintes actividades para promover a convivencia:</p> <p><u>Outubro:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Festividade de San Francisco de Asís. - Festividade do Pilar. - Campaña do Domund. <p><u>Novembro:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Tempo litúrxico de Advento. <p><u>Decembro:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Festividade da Inmaculada. - Preparación para o Nadal. - Recollida de alimentos para persoas necesitadas. - Festival de Nadal. <p><u>Xaneiro:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Nai Paula. - Día da Paz. <p><u>Febreiro:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Preparación para a Coresma. - Preparación para as Convivencias. <p><u>Marzo e Abril:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Convivencias - Tempo de Coresma. - Semana Santa. <p><u>Mai e Xuño:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Homenaxe á 	<p>Todo o curso</p>	<p>Charlas, formación e actividades</p>	<p>Valoración do alumnado sobre o coñecemento das normas de convivencia e o clima de convivencia</p>



PLAN DE CONVIVENCIA

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS	INDICADORES
	Santísima Virxe. - Festa da familia. - Entrega de orlas			
7. Analizar os factores e elementos que inciden na convivencia e na conflitividade escolar e contar con protocolos e/ou procedementos de intervención.	Definición e aplicación de protocolos de intervención	Ao longo do curso	Normativa legal e informe de avaliación da Comisión de Convivencia	-% de alumnos reincidentes aos que xa se lles aplicou unha sanción -% de alumnos con sancións graves e moi graves impostas
8. Proporcionar ao alumnado os coñecementos, habilidades e estratexias para a mellora da convivencia e para a prevención e resolución de conflitos.	Formación a través do plan de titorías ao alumnado e de charlas as familias a través do ANPA	Dous veces ao ano	Charlas e formación	Valoración das familias e o alumnado sobre o clima de convivencia
9. Diseñar e implantar un plan de actuación orientado á autorresponsabilidade do alumno e mellora da convivencia escolar e ao axeitado tratamento da conflitividade.	Definición e aplicación de protocolos	Ao longo do curso	Normativa legal e informe de avaliación da Comisión de Convivencia	-% de alumnos reincidentes aos que xa se lles aplicou unha sanción -% de alumnos con sancións graves e moi graves impostas



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 20 de 67

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS	INDICADORES
10. Promover e tomar en consideración as emocións e sentimentos das persoas a través do diálogo e a conversación para a toma de decisións consensuadas e mellora das relacións persoais.	Incorporar no plan de acción tutorial temas e recursos para a mellora do clima de convivencia no Centro	Ao longo do curso	Charlas e formación	Valoración das familias e o alumnado sobre o clima de convivencia
11. Dotar a Comunidade Educativa de recursos e ferramentas que nos permita traballar na prevención da conduta violenta e mellorar o clima escolar.	<p>Realizar as seguintes actividades a través do PAT e charlas formativas-informativas co obxectivo de adestrar os alumnos na aprendizaxe de distintas habilidades.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de solución de conflitos. - Estratexias de habilidades sociais: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Asertividade. ✓ Conduta pasiva-agresiva. ✓ Expresión de sentimentos positivos e negativos. ✓ Comunicación verbal e non verbal. ✓ Tolerancia e autocontrol 	Ao longo do curso	Charlas e formación	Valoración das familias e alumnado sobre o clima de convivencia



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 21 de 67

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	TEMPORALIZA CIÓN	RECURSOS	INDICADORES
	<p>emocional.</p> <ul style="list-style-type: none">- Técnicas para controlar a ansiedade:<ul style="list-style-type: none">✓ Aprendizaxe de relaxación e manexo de pensamentos negativos.- Técnicas de dinámicas de grupos:<ul style="list-style-type: none">✓ Exercicios onde se fomenta: a aprendizaxe cooperativa, o debate, a crítica construtiva e o respecto mutuo.- Técnicas para o autocoñecemento persoal e mellora da autoestima.			

7. NORMAS DE CONVIVENCIA

7.1. NORMAS DE FUNCIONAMENTO. INFANTIL E PRIMARIA

EDUCACIÓN INFANTIL

- Non está permitido traer á clase xoguetes da casa nin lambetadas.
- Non está permitida a entrada de pais á aula, agás en situacións puntuais.
- Debido á idade dos nenos de infantil, o contacto pais - profesora é practicamente diario, tratando calquera problema que xorde de forma inmediata.
- Ao longo do curso entregaránselle ás familias tres informes escritos, coincidindo co final de cada trimestre.
- Na reunión inicial faise fincapé aos pais na importancia da asistencia a clase.
- Tamén se lle fai fincapé na importancia da puntualidade tanto na hora de entrada como á hora de vir a recollelos.
- O uniforme e o chándal do colexio son obrigatorios. O chándal dous días á semana, coincidindo cos días de psicomotricidade e os outros tres uniforme.
- O único material escolar que utilizará o neno na aula é o que se lle proporciona no colexio. Non se lles permite que traian da casa rotuladores, lapis, pinturas, etc.
- Respecto polos compañeiros e polo material, tanto de aula coma propio.
- Nas entradas, os pais dos alumnos de infantil, terán que abandonar o recinto antes de soar a serea.
- Pecharanse os accesos ao colexio cando toque o timbre.
- Se un alumno chega tarde, os pais accederán por portería a firmar o correspondente xustificante.
- Esta totalmente prohibido a entrega de invitacións a cumpreanos dentro do recinto escolar.

PRIMARIA

1º Ciclo Primaria

NORMAS

- 1.- Chegarei puntual ao colexio para facer a fila.
- 2.- Se un alumno chega tarde, os pais non accederán aos corredores.
- 3.- Subo e baixo as escaleiras en fila, despacio e con orde.
- 4.- Ao chegar á clase coloco o abrigo no percheiro e séntome no meu sitio.
- 5.- Na clase estarei atento, traballando en silencio e sen molestar aos meus compañeiros.
- 6.- Contesto só cando me pregunten.
- 7.- Mantereire a clase limpa deixando todo o material ordenado cando remate o traballo. Tamén mantereire limpo o recinto escolar.
- 8.- Son o responsable do material. Se o esquezo quedarei un tempo reflexionando. Se non o repoño ao segundo día falarase coas familias.
- 9.- Ao colexio non podo levar lambetadas. Tampouco podo levar xoguetes.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 23 de 67

- 10.- Serei amigo de todos.
- 11.- Levo uniforme, o chándal cando teño educación física e saídas.
- 12.- As familias non participarán nas saídas dos alumnos.
- 13.- Non está permitida a entrada de pais á aula, calquera suxerencia, queixa, comentario ou dúbida farase na fila á entrada.
- 14.- Ás entradas, os pais deberán abandonar o recinto escolar antes de que soe a serea.
- 15.- Pecharanse os accesos ao colexio cando toque o timbre.
- 16.- Se un alumno chega tarde, os pais accederán por portería a firmar o correspondente xustificante.
- 17.- Esta totalmente prohibido a entrega de invitacións a cumpreanos dentro do recinto escolar.

SANCIÓNS

Neste ciclo non existen as sancións como tal, senón que cando un alumno reiteradamente infrinxe algunha norma, primeiro fálase con el invitándoo a unha reflexión, en caso de seguir coa a mesma actitude remitirase a Dirección e se persiste poñeremos en contacto coa familia.

2º Ciclo Primaria

NORMAS E SANCIÓNS

Puntualidade: Coa fin de evitar interrupcións na marcha da clase, debemos ser puntuais á hora das entradas ao Colexio. Se por algunha causa se chega tarde, débese presentar a correspondente xustificación dos pais ou titores.

Cando se dean tres faltas sen xustificar, notificarase aos pais, e de persistir nesta falta de puntualidade chamarase aos pais para unha entrevista.

Material: Para poder traballar e seguir a marcha da clase, é necesario traer todo o material de todas as materias. Cando non se traia anotarase no parte da clase.

Cando haxa tres faltas de material cada mestre informará aos pais mediante nota escrita e informará así mesmo ao titor do curso. De persistir a falta chamarase aos pais para unha entrevista co titor e si é necesario, coa Dirección

O neno deberá ter respecto e coidado tanto dos libros propios, coma os comúns cedidos para o seu uso.

Molestar na clase: Por ser a clase un lugar de traballo, é necesario respectar aos compañeiros, evitando todo aquilo que poida distraer aos demais e a un mesmo. Cando non se cumpra isto, anotarase no parte ao alumno para o coñecemento do titor. Se se lle chama tres veces a atención, ao mesmo neno, deixaráselle tempo para que reflexione sobre o seu comportamento, e en caso de ser reincidente falarase coa familia. De non cambiar de actitude poñerase en coñecemento do director.

Prohíbese traer móbiles.

Tarefas: O estudo e o traballo na casa é imprescindible para a boa marcha das materias no colexio, polo tanto, as tarefas que os mestres indiquen deberán ser realizadas e presentadas a



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 24 de 67

estes. Cando isto non se cumpra anotarase no parte para o coñecemento do titor e o mestre informará á familia mediante nota escrita cando veñan tres veces as actividades sen facer.

Saídas: cando o alumno necesite saír antes de finalizar ou durante o horario lectivo, a familia deberá notificalo con anterioridade por escrito e solicitar unha autorización de saída que deberá entregar en portería antes de poder saír.

Lambetadas: Non se permite consumir ningún tipo de lambetadas nin bebidas na aula. De facelo ordenaráselle tiralas.

Vestimenta e aseo: É obrigatorio vir adecuadamente uniformado e aseado ao colexio. Para as clases de Educación Física e saídas fóra do colexio é obrigatorio o chándal do mesmo.

Lugar de xogo: O lugar de xogo durante o recreo é o patio.

Cambios de clase: Os alumnos non poderán saír da aula nin asomarse á fiestra nos cambios de clase, de facelo no recreo estará sen xogar.

Recreos: Non se pode permanecer na clase nin nos pasillos durante o recreo, salvo que se estea acompañado dun mestre. Así mesmo, o momento para ir ao servizo será ao baixar ao recreo.

Limpeza da aula: Manteremos limpas as aulas, os patios e o polideportivo utilizando as papeleiras. No caso de que algún alumno, de forma voluntaria, ensucie algún destes lugares deberá limpala.

RECOMENDACIÓNS

- ❑ *Faremos o posible por ter un comportamento adecuado tanto dentro como fóra do colexio respectando aos demais así como os obxectos comúns a todos.*
- ❑ *Trataremos con respecto e educación aos mestres, compañeiros e persoas de servizo do colexio.*
- ❑ *Respectaremos o edificio, as instalacións, mobiliario e o material didáctico, utilizándoos adecuadamente.*

NOTA: Con respecto ao alumnado de 2º e 3º Ciclo de Primaria, en caso de reincidencia ou comparecencia reiterada ante a Dirección, esta poderá adoptar as medidas pertinentes recollidas no seguinte apartado “**Conduas contrarias á convivencia e a súa corrección**”

3º Ciclo Primaria

NORMAS E SANCIÓNS

Puntualidade: coa fin de evitar interrupcións na marcha da clase, debemos ser puntuais á hora das entradas ao Colexio. Se por algunha causa se chega tarde, débese presentar a correspondente xustificación dos pais ou titores. As faltas de puntualidade son anotacións de actitude (sempre que non sexan por causa médica).



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 25 de 67

Cando isto non se cumpra suporá unha anotación de actitude, de repetirse tres veces enviarase unha tarxeta á familia, no caso de reincidir terase unha entrevista cos pais.

Cando se dean varias faltas sen xustificar notificarase aos pais, e de persistir nesta falta de puntualidade o neno deberá facer unha labor de ben social.

Material: para poder traballar e seguir a marcha da clase, é necesario traer todo o material de todas as áreas (libros, caderno, uniforme, chándal). Cando non se traia suporá unha anotación de actitude.

Cando se repita por terceira vez informarse aos pais mediante comunicado e informarse ao titor do curso. De persistir a falta chamarase aos pais para unha entrevista co titor. De persistir intervirá o Director.

O neno deberá ter un respecto e coidado dos libros e materiais de clase.

Molestar na clase: por ser a clase un lugar de traballo, é necesario respectar aos compañeiros, evitando todo aquilo que poida distraer aos demais e a un mesmo.

Prohíbese traer móbiles.

Cando isto non se cumpra suporá unha anotación de actitude, de repetirse tres veces enviarase un comunicado á familia, no caso de reincidir terase unha entrevista cos pais. De persistir intervirá o Director.

Tarefas: o estudo e o traballo na casa é imprescindible para a boa marcha das áreas no colexio, polo tanto, as tarefas que os mestres indiquen deberán ser realizadas e presentadas puntualmente.

Cando isto non se cumpra suporá unha anotación de actitude, de repetirse tres veces enviarase un comunicado á familia, no caso de reincidir terase unha entrevista cos pais. De persistir intervirá o Director.

Saídas: cando o alumno necesite saír antes de finalizar ou durante o horario lectivo, a familia deberá notificalo con anterioridade por escrito e solicitar unha autorización de saída que deberá entregar en portería antes de poder saír.

Lambetadas: non se permite consumir ningún tipo de lambetadas nin bebidas na aula.

Vestimenta e aseo: é obrigatorio vir axeitadamente uniformado e aseado ao colexio. Para as clases de E.Física e saídas fóra do colexio é obrigatorio o chándal e a camiseta.

Lugar de xogo: o lugar de xogo durante o recreo é o patio.

Cambios de clase: os alumnos non poderán saír da clase nin asomarse ás fiestras nos cambios de clase.

Recreos: non se pode permanecer na clase nin nos corredores durante o recreo, salvo que se estea acompañado dun mestre.

Limpeza da aula: manteremos limpas as aulas, os patios e o pavillón utilizando as papeleiras. No caso de que algún alumno, de forma voluntaria, ensucie a aula deberá limpala.

RECOMENDACIÓNS



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 26 de 67

- ❑ *Faremos o posible por ter un comportamento axeitado, tanto dentro coma fóra do colexio, respectando aos demais, así como os obxectos comúns a todos.*
- ❑ *Trataremos con respecto e educación aos mestres, compañeiros e persoas de servizo do colexio.*
- ❑ *Respectaremos o edificio, as instalacións, mobiliario e material didáctico, utilizándoos axeitadamente.*

NOTA: Con respecto ao alumnado de 2º e 3º Ciclo de Primaria, en caso de reincidencia ou comparecencia reiterada ante a Dirección, esta poderá adoptar as medidas pertinentes recollidas no seguinte apartado “**Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección**”

7.2 ALTERACIÓNS DA CONVIVENCIA:

Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, Carácter Propio e Regulamento de Réxime Interno Colexios Franciscanas da Purísima

As alteracións da convivencia poderán ser leves e graves.

Gradación das correccións

Aos efectos da gradación das correccións:

1. Son circunstancias atenuantes:

- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A falta de intencionalidade.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- Aquelas outras que estableza a lexislación vixente

2. Son circunstancias agravantes:

- A premeditación e a reiteración.
- Causar dano, aldraxe ou ofensa a calquera membro da Comunidade Educativa.
- Calquera acto que entrañe ou fomente a violencia, discriminación, o racismo, a xenofobia ou o menoscabo dos principios do Carácter Propio ou do Proxecto Educativo.
- Aquelas outras que estableza a Lexislación vixente.
-



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 27 de 67

1. Conduas leves contrarias á convivencia.

Son alteracións leves da convivencia:

- Impedir a marcha normal de actividades: interromper o desenvolvemento normal das clases, molestar nos corredores, impedir o xogo a outros alumnos, gastar bromas sen sentido, mastigar goma de mascar ou comer pipas en calquera lugar do Centro,...
- Retraso ou falta de puntualidade na entrada a clase ou calquera outra actividade escolar.
- Faltas no estudo, tarefas diarias ou non entrega de traballos programados.
- Facer outras actividades en clase distintas á materia correspondente.
- Non informar os pais de actividades ou recados que se dean a través do alumno.
- Discusións iradas en clase, patio ou corredores.
- Expresións de mal gusto, "tacos".
- Ensuciar a clase, aseos ou outras estanzas do Centro.
- Escribir no pupitre ou noutro material escolar.
- Descoidos na hixiene persoal.
- Non acudir ao centro co uniforme adecuado.
- Faltas de respecto: en accións, palabras ou xestos a calquera persoa do Centro.
- Desobediencia ás ordes dadas polo persoal do Centro: dirección, profesores e persoal non docente.
- Uso dunha linguaxe pouco adecuada para o trato entre persoas no Centro: berros, xestos, tacos, insultos
- Trato e xestos pouco edificantes con compañeiros e con alumnos máis pequenos.
- Accións que atentan contra a hixiene e a salubridade do Centro: clases, aseos e outros lugares.
- Uso de símbolos racistas, sexistas, violentos e outros de carácter discriminatorio.
- Ausencias e atrasos reiterados sen xustificación.
- Utilización de aparellos electrónicos: En todo caso o Centro non se responsabiliza da súa perda ou subtracción.
- Mal uso do material escolar.
- Realizar pintadas.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 28 de 67

- Aqueloutras consideradas graves polo Equipo Directivo do Centro.
- Vestimenta inadecuada ao centro escolar: piercing, levar cuberta a cabeza dentro do recinto escolar e outras que o Equipo Directivo determine.

PROCESO DE SANCIÓN

QUEN?

- Todas estas sancións serán corrixidas polo profesor afectado nese momento facéndollo saber ao titor do alumno e este a o Xefe de Estudos.
- Se a acción o require serán corrixidas polo titor, o Xefe de Estudos e o Director Pedagóxico previa escoita das partes interesadas

COMO?

- Amonestación verbal e/ou aviso aos pais. (axenda ou comunicado dirección).
- Horas de estudo no Centro, realización de tarefas fóra do horario lectivo.
- Pedir perdón en público, limpar o ensuciado, pagar o estragado, tarefas de axuda ao profesorado ou a compañeiros.
- Comparecencia ante a autoridade educativa competente.
- Suspensión do dereito ao servizo do comedor ou a participar nas actividades extraescolares.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días. Neste período o alumno deberá realizar os traballos que se determinen.
- A acumulación de tres amonestacións escritas, darán lugar á suspensión do dereito á asistencia ao Centro durante un período máximo de tres días.

2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- Reiteración en faltas graves.
- Violencia física ou verbal -dentro ou fóra do Centro-.
- Intimidación: de xeito constante, abusiva e que crea temor e pánico nos demais.
- Intimidación ou ameazas a un menor.
- Comportamiento manifesto racista ou sexista.
- Consumo ou posesión de sustancias prohibidas así como de obxectos perigosos.
- Furto ou roubo con ou sen desfeita de material.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 29 de 67

- Falsificación de documentos académicos, apropiación de exames, subtracción de material de lugares exclusivos.
- A non asistencia a clase ou actividade obrigatoria programada polo Centro sen coñecemento dos pais e sen causa xustificada.
- Saír do Centro sen permiso dos pais e coñecemento do titor ou profesor.
- Tirar obxectos polas fiestras.
- Usar teléfonos móbiles e/ou outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante a xornada escolar.
- Aqueloutras consideradas como graves polas normas do Centro.
- Vulnear o dereito de imaxe e intimidade de calquera membro da Comunidade Educativa

PROCESO DE SANCIÓN

QUEN?

- ❑ Todas estas faltas serán sancionadas polo Equipo Directivo (Director Pedagógico) previa escoita das partes interesadas.

COMO?

- ❑ Comparecencia ante a autoridade educativa competente.
- ❑ Amonestación escrita enviada á familia.
- ❑ Caso de móbiles, chamarase á familia para que veña a recollelo e instarase á mesma a que o alumno non o traia ao centro educativo
- ❑ Suspensión do dereito ao servizo do comedor ou a participar nas actividades extraescolares.
- ❑ Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas. Neste tempo o alumno deberá realizar os traballos que se determinen.
- ❑ Suspensión do dereito de asistencia ao Centro entre catro días e un período máximo dun mes.
- ❑ A sanción máxima para este tipo de condutas será o Expediente Disciplinario, que levará consigo a expulsión do Centro.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 30 de 67

Todos aqueles aspectos non recollidos neste resumo, están descritos nos seguintes documentos:

LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
Carácter Propio e Regulamento de Réxime Interno Colexios Franciscanas da Purísima
Plan de Convivencia CPR. Plurilingüe Nosa Sra. do Pilar- Foz (Lugo)

7.3. NORMAS DE CONVIVENCIA RELATIVAS A PAIS, PROFESORES E ALUMNOS

A) Normas relativas aos pais.

1.º En relación co Centro

1. Coñecer o Regulamento de Réxime Interior e observar as normas contidas neste.
2. Atender ás citacións do Centro.
3. Participar voluntariamente nas actividades do centro.

2.º En relación cos Profesores

1. Non desautorizar a acción dos Profesores en presenza dos seus fillos.
2. Facilitar todo tipo de información e datos valorativos dos seus fillos aos Profesores que o precisen, nos distintos aspectos da súa personalidade.
3. Facilitar aos seus fillos cantos medios sexan precisos para levar a cabo as actividades e tarefas que lle indique o Profesorado.
4. Participar voluntariamente cos profesores na programación daquelas actividades para as que se solicite a súa axuda.
5. En caso de separación xudicial dos pais, xustificar a quen corresponde a garda e custodia dos fillos.

3.º En relación cos seus fillos

1. Colaborar no labor educativo exercido sobre os alumnos.
2. Vixiar e controlar as súas actividades.
3. Facilitar o cumprimento das obrigas dos seus fillos respecto do Centro: puntualidade, orde, aseo, etc.
4. Distribuír e coordinar o seu tempo libre e de ocio, especialmente no relativo a lecturas, xogo e televisión.
5. Xustificar as ausencias e atrasos dos seus fillos durante o horario escolar.
6. Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada aos alumnos de Educación Preescolar, Ciclo Inicial e Ciclo Medio que teñan que ausentarse do Centro durante o horario escolar.
7. Estimular os seus fillos no respecto ás normas de convivencia do Centro como elemento que contribúe á súa formación.

B) NORMAS RELATIVAS AOS PROFESORES

1º En relación con si mesmo

1. Actualizarse e perfeccionarse na súa profesión e investigar os recursos didácticos máis apropiados para o traballo escolar de cada día.
2. Asistir con puntualidade ás clases e reunións para as que fose convocado.
3. Vixiar os seus alumnos nos recreos.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 31 de 67

2º En relación cos alumnos

1. Respetar a personalidade de cada neno.
2. Intentar escoitalo, comprendelo e axudarlle.
3. Non facer distincións entre os alumnos.
4. Preocuparse polas súas condicións ambientais.
5. Individualizar o ensino, acomodándose aos coñecementos e características de cada alumno.

3º En relación ao Centro

1. Coñecer o Regulamento de Organización e Funcionamento e cumprir cos seus preceptos.
2. Potenciar as decisións do Claustro de Profesores, do Consello Escolar e das autoridades educativas.
3. Cooperar no mantemento e bo uso do material e instalacións do Centro.
4. Colaborar no mantemento da orde e a disciplina dentro do recinto escolar.

4º En relación cos Pais

1. Manter contactos periódicos e sistemáticos cos pais dos alumnos, dentro do horario previsto para este fin.
2. Recibir a visita dos pais cando o soliciten, cumprindo os horarios e normas establecidas para o caso.
3. Cubrir os boletíns de avaliación nos períodos establecidos.
4. Solicitar a xustificación das ausencias e saídas do Centro por parte dos alumnos.

C) NORMAS RELATIVAS AOS ALUMNOS

1º Referentes ao seu comportamento persoal

1. Asistir puntualmente ás actividades escolares.
2. Acudir a clase debidamente aseado.
3. Transcorrer por corredores e escaleiras con orde e compostura.
4. Achegar ás clases os libros e o material escolar que sexan precisos.
5. Responsabilizarse dos encargos que se lle encomenden.
6. Acudir aos servizos hixiénicos nos casos de verdadeira necesidade.
7. Entregar os xustificantes das faltas de asistencia formulados polos seus pais.
8. Devolver os boletíns de avaliación debidamente asinados polos seus pais.

2º Referentes aos seus compañeiros

1. Non agredir, insultar, nin humillar os seus compañeiros de colexio.
2. Respetar todas as pertenzas dos demais.
3. Non perturbar a marcha das clases.
4. Colaborar cos seus compañeiros nas actividades escolares.
5. Evitar os xogos violentos.

3º Referentes aos profesores

1. Ter un trato respectuoso cos profesores e persoal ao servizo do Centro.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 32 de 67

2. Prestarse ao diálogo para esclarecer as cuestións que se formulen na vida do Centro.
3. Realizar as tarefas e actividades que se lles asignen.

4º Referentes ao Centro

1. Facer bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material escolar.
2. Coidar de que as clases, corredores e servizos se manteñan limpos e ordenados.
3. Participar de acordo coa súa idade, na organización do Centro.

REXISTRO FALTAS:

- **APLICACIÓN INFORMÁTICA MOODLE**

8. ACCIÓNS E ACTIVIDADES DE INTERVENCIÓN

8.1- Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación:

- Organización do centro e da aula
- Coordinación das actuacións docentes
- As programacións e desenvolvemento dos currículos
- As estratexias metodolóxicas
- A avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente
- As actividades complementarias e extraescolares.

8.2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos:

- Reunións de inicio de curso coas familias.
- Reunións trimestrais coa Comisión de Convivencia e Consello Escolar onde se analiza a convivencia do Centro.
- Reunións da Dirección coa Xunta da ANPA.
- Reunións mensuais de equipos docentes onde se analiza a convivencia do Centro.
- Análise da convivencia en cada avaliación do titor/a co seu grupo.
- Análise da convivencia na aula de cada profesor, resultado que envía ao titor/a por contrastalo na sesión de avaliación con todo o equipo docente. Esta reunión está presidida pola Dirección.
- Charlas formativas organizadas pola ANPA.
- Participación na Festas Colexiais.

8.3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá:

- Información sobre as Normas de Convivencia do Centro a familias e alumnado.
- Planificación de charlas de prevención.
- Presenza de profesorado en recreos e comedor.
- Recordatorio das Normas de Convivencia antes de viaxes de estudos, saídas culturais...
- Formación do profesorado

8.4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 34 de 67

- Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
- Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

8.5. Medidas preventivas:

As actuacións preventivas e aquelas que contribúan á detección e xestión da conflictividade. No Colexio establécense as seguintes medidas:

- a) **Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro** e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen. As actividades de acollida fanse durante o proceso de admisión, aos alumnos/as que xa van formalizar a matrícula no Centro.

O orientador do centro, realizan entrevistas persoais cos alumnos/as novos para coñecer como se encontran no Centro e poder detectar algunha irregularidade, se a houbera.

- b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.
- c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- e) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

No Centro existe un horario semanal de vixianza de recreos, escaleiras na hora de baixada e subida do patio, comedor, estudos.

9. MEDIACIÓN NA XESTIÓN DOS CONFLITOS.

9.1. Intervención conductas disruptivas

Ante unha situación de conduta disruptiva poderanse aplicar as seguintes técnicas disciplinarias:

1. **Guiar a reflexión do alumno:** Falarase seriamente co alumno intentando que comprenda os efectos negativos da súa conduta tanto para si mesmo coma para o resto de alumnos e profesores.
2. **As consecuencias naturais:** Deixar que os alumnos experimentan as consecuencias lóxicas da súa mala conduta co fin de que perciban por que unha norma particular é importante.
3. **O canto:** Situar un alumno nun canto neutro ou pouco estimulante durante un breve espazo de tempo para que reflexione sobre a súa acción inadecuada.
4. **Retirada de incentivos:** Ás veces pódese deixar sen facer algunha actividade que lles guste (saír ao patio, quedar despois de clase,...).
5. **Empatía:** Realizar actividades que axuden a poñerse no lugar do outro para que reflexionen sobre as consecuencias dos seus actos.

Se coas medidas anteriores non é suficiente para corrixir a conduta e continúan as alteracións de comportamento, poranse en marcha as actuacións recollidas no regulamento de réxime interno e/ou as contempladas no apartado 5 do presente documento.

9.2. Protocolo de actuación no caso de que se detecten condutas de acoso ou intimidación entre alumnos.

As devanditas medidas estarán coordinadas polo Equipo Directivo en colaboración co orientador e o profesor titor do alumno.

Adopción de medidas de carácter urxente

- Medidas de apoio directo ao alumno afectado (victima).
- Revisión urxente da utilización de espazos e tempos do centro establecendo as medidas oportunas de prevención.
- Aplicación do Regulamento de Réxime Interno segundo se estime conveniente.
- Segundo a gravidade do caso, posta en coñecemento e denuncia ás instancias correspondentes.

Posta en coñecemento

Comunicación a:

- As familias dos alumnos implicados (victima e agresores).
- A comisión de convivencia do centro.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 36 de 67

- Equipo de profesores dos alumnos implicados e demais membros do claustro.
- Inspector de Educación do centro.
- Outras instancias externas ao centro (sanitarias, sociais e xudiciais principalmente).

Apertura de expediente

Abrirase un expediente que quedará depositado en Dirección que comprenderá tres fases de intervención:

- Recollida de información de diferentes fontes:
 - Documentación existente sobre os afectados.
 - Resultados da observación directa e sistemática.
 - Entrevistas e cuestionarios coas persoas relacionadas con os afectados (pais, profesores, alumnos, persoal non docente...)
 - Emisión dun pronóstico inicial.
 - Liñas básicas de actuación nas que se incluírán:
 - Reunións co equipo de profesores do grupo de alumnos afectados.
 - Avaliación de necesidades e recursos, repartindo responsabilidades para solucionar o conflito.

Plan de actuación

- Coa vítima:

- Actuacións de apoio e protección expresa directa ou indirecta.
- Programas e estratexias específicas de atención e apoio social.
- Posible derivación a servizos externos (sociales, sanitarios, xudiciais...).

- Cos agresores:

- Aplicación de medidas do R.R.I.
- Aplicación de programas de modificación de conduta.
- Segundo o caso derivación aos servizos externos (sociales, sanitarios, xudiciais...).

- Cos compañeiros máis directos dos afectados.

- Actuacións dirixidas á sensibilización e o apoio entre compañeiros dentro da acción tutorial de aula.

- Coas familias

- Pautas de intervención no fogar.
- Información e asesoramento sobre servizos de apoio externos ao centro (sociales, sanitarios, xudiciais).

10.-ESTRATEGIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 37 de 67

educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa.

A.- Nas reunións de inicio de curso infórmase as familias das principais accións que fomenten a boa convivencia no Centro e tamén das Normas de Convivencia.

B.- A principio de curso preséntase o Plan de Convivencia á Comisión de convivencia e ó Consello Escolar.

C.- Os Equipos docentes, tendo elabora accións de convivencia que inclúen nas súas Programacións docentes.

D.- Unha copia deste Plan colocarse na Web do centro para a súa consulta. A través do correo electrónico do centro poderanse achegar suxestións por parte dos interesados.

E.- Unha copia do Plan estará o a Secretaría do centro a disposición de calquera membro da comunidade escolar que o solicite para a súa consulta.

11.-PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

1. O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

2. **A comisión de convivencia elaborará**, ao rematar cada curso escolar, a correspondente **memoria do plan de convivencia do centro**, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. **Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.**

3. Aos servizos de Inspección Educativa correspóndelles supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

4. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer algún procedemento para a recollida de incidencias en materia de convivencia nos centros educativos dela dependentes, a través de medios electrónicos ou telemáticos.

No seguimento do Plan utilizarase un rexistro de Avaliación do Plan de Convivencia onde quedará constancia o grao de consecución dos obxectivos :

1-Acadado/postivo; 2-En Proceso/regular; 3-Non acadado/mal



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 38 de 67

ACCIÓN	RECURSOS	TRIMESTRE	GRAO DE CONSECUCIÓN			OBSERVACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA
			1	2	3	

Ao final de cada curso académico farase unha avaliación do nivel de consecución das medidas propostas no presente plan.

A valoración global das accións realizadas reflectirase nun informe final, no que se indicará:

1. Nivel de consecución dos obxectivos previstos.
2. As dificultades atopadas.
3. As modificacións introducidas.
4. As conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse en posteriores plans.

12. ANEXOS

ANEXO 1. NORMATIVA DE USO DE AULAS ABALAR



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 39 de 67

ANEXO II. PROTOCOLO ACOSO ESCOLAR

ANEXO 1 NORMATIVA DE USO AULAS ABALAR

Os equipos son propiedade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O depositario dos mesmos, por delegación, é o CPR Plurilingüe Nosa Sra. do Pilar de Foz (Lugo). Son un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito da participación no Proxecto Abalar. O alumnado ao que vai dirixido deberá cumprir e respectar en todo momento esta normativa de uso incorporada no RRI (Regulamento de Réxime Interno), sabendo que o incumprimento da mesma, carrexará, ademais da perda dos privilexios de uso, calquera das sancións que se establecen no devandito Regulamento e mesmo sancións económicas se chegara o caso. As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade da falta ou incumprimento da normativa serán, entre outras, as que a continuación se sinalan:

- A. A retirada de privilexios de utilización do portátil.
- B. A retirada temporal ou definitiva do portátil.
- C. Unha sanción económica que se determinará en cada caso tendo en conta a natureza e gravidade do dano causado.
- D. Calquera outra aprobada polo Consello Escolar e que se inclúa no RRI do centro.

Ademais da normativa de uso xeral vixente para o Proxecto Abalar, estes ordenadores están suxeitos, dada a súa especificidade, a unha normativa propia e complementaria que aquí se fai explícito, primeiro de maneira xenérica e despois máis matizada:

1. Antes de coller o portátil dos carriños establecidos para gardalos os alumnos/as deixarán as súas mesas libres para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.
2. Cada alumno/a recollerá o portátil do carriño por orde para facilitar a identificación do portátil que lle corresponde. En ningún caso se acudirán ao carriño en grupos para evitar aglomeracións que deriven en posibles caídas dos equipos.
3. Sempre se collerá o portátil con dúas mans, de xeito que ao levalo non lles tape a visión do camiño e tropecen.
4. Cada ordenador portátil ten unha etiqueta co nome que lle corresponde a cada alumno/a e sempre se collerá o portátil que se corresponda co seu nome para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.
5. O alumno non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesor, unha vez rematada a exposición do traballo que van realizar.
6. Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil nin cando estea aberta nin

cando estea pechada a tapa.

7. A pantalla é táctil e moi delicada. Non se debe golpear nunca coas mans nin con ningún obxecto. Só se usará de maneira axeitada cos dedos

8. Cando o/a profesor/a teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos de xeito que estes non entren en estado de suspensión.

9. Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos da súa conta, velando pola súa orde e a súa conservación.

10. Cada alumno/a será responsable tamén de gardar o traballo e de apagar correctamente o portátil ao rematar a clase.

11. Os alumnos/as devolverán o portátil ao lugar que lle corresponde no carriño, asegurándose de que queda conectado ao cargador. Irán por orde evitando aglomeracións.

12. O equipo é responsabilidade do alumno/a para o traballo de clase e ante calquera incidencia co mesmo deberán comunicalo ao profesor para proceder á súa posta a punto.

13. Estes equipos só se poderán usar na clase e baixo a supervisión do mestre correspondente. Os equipos deixaranse no estante correspondente do carriño, apagados e conectados á rede eléctrica para recargar a batería.

14. No caso de que se esgote a batería por non cumprir a anterior norma o alumno/a ao que se lle ten asignado o portátil deberá continuar a clase sen el.

15. O equipo é **propiedade da Consellería de Educación**, polo que queda prohibida a instalación de calquera programa, aplicación ou ferramenta tecnolóxica que non estea en relación directa co uso docente que se pretende con el. En todo caso, só se poderá realizar calquera destas accións co permiso do profesor ou do Coordinador Abalar.

16. O feito de non aceptar estas normas ou de non as respectar trae consigo a restrición ou perda dos privilexios de acceso ó mesmo.

1.- ASIGNACIÓN DE PORTÁTILES E COIDADOS BÁSICOS

Cada alumno/a de 1º/2º curso da ESO e 5º de Primaria recibirá un portátil do que será responsable mentres estea matriculado no mesmo con independencia do momento no que fai a matrícula e ata que remate o curso correspondente.

Os equipos permanecerán sempre no centro que é o depositario dos mesmos por delegación da Consellería de Educación

Coidados básicos do portátil.

- a) Cando se estea a traballar co equipo, deberá de colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitando posibles caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.
- b) Non se pode comer nin beber cando se está a utilizar o portátil.
- c) Non se pode coller o portátil pola pantalla. Sempre debe transportarse suxeitándoo pola base.
- d) Evitar golpear a pantalla.
- e) Evitar a exposición do portátil ao sol, á chuvia e ás fontes de calor; por exemplo, non

colocalo a carón dun radiador.

- f) Está prohibido sacar o equipo do centro e mesmo da aula.
- g) O portátil terá que estar no carriño de transporte cando non se estea a utilizar e procurando que estea a cargar a batería.
- h) Para gardar o seu traballo cada alumno/a debe dispor dun lapis de memoria.

2.- GARDA E CUSTODIA DO PORTÁTIL NA CLASE.

- a) Cada alumno/a é responsable da custodia do portátil que se ten adxudicado, debendo telo sempre vixiado durante o horario lectivo.
- b) Cando non o precise para traballar, depositarao no espazo que ten asignado a tal efecto no carriño da súa aula.

3.-O PORTÁTIL NO CENTRO.

3.1.- Normas de utilización do portátil no colexio.

- a) Se fose o caso, cando se traslade o portátil de clase, deberá levarse sempre con moito tino e sen correr para evitar caídas ou golpes.
- b) Cando haxa que recoller o portátil, farase na orde indicada polo profesor correspondente.
- c) As baterías deberán deixarse cargando sempre que non se traballe co equipo, mesmo no horario lectivo, como no momento de marchar para a casa.
- d) O cargador que se subministra co portátil debe permanecer sempre no lugar correspondente do carriño.
- e) Queda terminantemente prohibido levar o portátil fóra da aula., agás con permiso expreso dun profesor ou do coordinador Abalar.

3.2.- O portátil na clase

- a) Antes de coller o portátil o alumno/a deixará a súa mesa libre, para evitar ter que deixalo en situación de equilibrio precario.
- b) O/A alumno/a non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesor.
- c) Cando o/a profesor/a teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación, baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos.
- d) Cando o/a alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posible golpes e aforrar batería.
- e) Cando se produza unha incidencia no manexo do portátil e o/a alumno/a precise axuda do profesor, procurará non interromper o traballo nin as explicacións que nese momento se estean a desenvolver na clase.
- f) Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento do escritorio, dos cartafoles e arquivos da súa conta, velando pola súa orde e a súa conservación.
- g) Cada alumno/a será responsable de gardar o traballo e, se é o caso, de apagar correctamente o portátil ao finalizar a clase.

3.3.- Responsabilidades derivadas do uso do portátil.

Cada alumno/a é totalmente responsable do que faga co seu portátil. Terán consideración de faltas graves ou moi graves, en función das circunstancias nas que se produzan os feitos e das súas consecuencias, as enumeradas a continuación:

- a) Modificar a configuración do sistema operativo e violar as restricións que teña o portátil.
- b) Queda totalmente prohibida a instalación de programas P2P.
- c) A utilización da conta doutra persoa estará suxeita a accións disciplinarias e a aquelas outras que a lexislación vixente determina para estes casos.
- d) Calquera intento de danar equipos, materiais, datos ou programas, será sancionado polo Regulamento de Réxime Interior de Centro. O vandalismo levará a cancelación dos privilexios de uso do portátil e a obriga de reposición dos gastos orixinados pola reparación do hardware, software ou sistema.
- e) Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios. O incumprimento desta norma será obxecto das sancións disciplinarias que se contemplan no Regulamento de Réxime Interior do centro
- f) Deberase empregar unha linguaxe apropiada; as palabras malsoantes, os insultos racistas e calquera outra expresión pouco axeitada están prohibidas e serán obxecto das correccións disciplinarias establecidas ao respecto no RRI.
- g) Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal.
- h) Revelar información persoal.
- i) A falsificación ou o seu intento.
- j) Os intentos de degradar ou interferir o sistema, serán contemplados coma unha violación das directrices e/ou coma unha actividade criminal suxeita á lexislación vixente.
- k) Trasladar o portátil fóra da aula sen permiso.
- l) Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.
- m) O sistema/rede non poderá ser utilizado con propósitos ilegais.

4.- CUSTODIA E TRASLADO DO PORTÁTIL NO CENTRO

4.1 Custodia e traslado xeral

- a) En caso de avaría, virus, mal funcionamento ou actualización de software é probable que o ordenador se formatee e reinstale de forma automática. Por iso deberase facer sempre que se poida unha copia de seguridade dos contidos do ordenador na mochila electrónica.
- b) Cando o/a alumno/a teña que trasladar o portátil a outra clase, sempre o fará respectando as indicacións que figuran nesta normativa.
- c) Os portátiles, unha vez rematada a xornada lectiva, permanecerán no colexio gardados en cada clase nos seus correspondentes carriños e baixo chave.

4.2.- Avarías do portátil

4.2.1.- Avarías comúns

- a) Cando o portátil estea avariado, deberá de se seguir a clase con outro compañeiro.
- b) Cando un portátil estea avariado, deberase comunicar ao profesor para que este proceda a

solicitar o seu arranxo ao persoal autorizado.

4.2.2.- Avarías debidas a uso indebido

- a) Cando se detecte que a avaría do portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo, o portátil non se lle devolverá ao/á alumno/a. Neste caso arbitraranse as medidas correctoras ás que houbese lugar e recollidas nesta normativa ou no RRI do Centro.
- b) Cando se detecte que un alumno está a ter avarías graves provocadas polo uso indebido ou ao coidado pouco esmerado, procederase a lle retirar o equipo polo tempo que se considere oportuno. En casos moi graves poderá ser suspendido definitivamente da participación no Proxecto Abalar.
- c) As avarías provocadas non están cubertas pola garantía, polo que se o servizo técnico comproba que a avaría non foi fortuíta, será o/a alumno/a o/a que terá que pagar o custo da mesma.

5.- DIRECTRICES E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

- a) O usuario/a que viole as directrices e os procedementos administrativos, estará suxeito/a a suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do portátil e da rede/sistema, e as correspondentes sancións disciplinarias, recollidas no Regulamento de Réxime Interno ou nos procedementos legais oportunos.
- b) portátil é un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito de participar no Proxecto Abalar.
- c) O alumnado e os seus pais ou titores legais admiten desde un principio as normas establecidas para o seu uso e o incumprimento das mesmas, pode ser obxecto dalgún tipo de sanción.
- d) As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade do incumprimento, son:
 - a retirada de privilexios de utilización do portátil.
 - a retirada do portátil por un tempo determinado.
 - interromper a participación do alumno no proxecto.
 - unha sanción económica que se determinará en cada caso tendo en conta a natureza e gravidade do dano causado
 - calquera outra aprobada polo consello escolar e que se inclúa no Regulamento de Réxime Interno do centro.

ANEXO II. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNHA VEZ DETECTADO O ACOSO

Aínda que a liña de actuación prioritaria que se recolle nesta publicación vai enfocada á prevención e á paulatina mellora da convivencia escolar, cómpre establecer protocolos comúns de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas. É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 44 de 67

As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de: - evidente intención de facer dano - condutas agresivas reiteradas - desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

En distintos anexos deste volume pódense atopar modelos de recollida e estruturación da información para facilitar a tarefa de investigación que hai que levar a cabo. Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos que haberá que seguir serán os seguintes:

1.-A dirección do centro redactará un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa.

2.-O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores. Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello, se existen e, de non existir, con Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Plan.de.convivencia.do.centro 4 Anexos.

3.-Convén estar en contacto cos distintos servizos e institucións para realizar actuacións coordinadas.

4.-A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións.

5.-O expediente seguirá o curso establecido no Real Decreto 732/1995, do 5 de maio de 1995, dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia (Capítulo III). En todo caso, ao intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.

6.-O centro educativo arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso en concreto en función das súas características. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa. É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores, ONG, asociacións (veciñais, culturais, etc.)...

	<h1>PLAN DE CONVIVENCIA</h1>	<p>PL CONV Páxina 45 de 67</p>
---	------------------------------	---

7.-Estas actuacións deben ser coñecidas polo Consello Escolar, que valorará a súa eficacia

ANEXO III: DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR O POSIBLE CÓMPUTO DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA A EFECTOS DE DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN

Nome e apelidos do destinatario ou dos seus representantes legais no caso de menores incapacitados/as)
Enderezo (rúa, número, porta etc.)
Código postal, localidade, concello, provincia

DILIXENCIA DA DIRECCIÓN DO CPR PLURILINGÜE NOSA SRA DO PILAR-FOZ PARA FACER CONSTAR O POSIBLE CÓMPUTO DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA A EFECTOS DE DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN FEITOS

Con data de de , o/a alumno/a (nome do/a alumno/a)



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 46 de 67

(Resumo da conduta leve corrixida e INDICACIÓN EXPRESA DA ALIÑA DO ARTIGO 42 na que se enmarca)

(Referencia á medida correctora imposta con indicación expresa do artigo 43, o Plan de convivencia e Normas de convivencia do centro, se procede).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establece no seu artigo 38 que a reiteración, dentro dun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia poderá considerarse como conduta gravemente prexudicial para a convivencia, cos efectos legalmente previstos.
2. O artigo 131 da Lei 30/1992 establece, ao respecto da reincidencia, que esta poderá ser determinada por comisión de infraccións da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.
3. A dirección do centro é competente para impoñer todas as medidas correctoras previstas no artigo 43 do Decreto 8/2015, de acordo co establecido no artigo 44 do dito decreto.

De acordo con todo o indicado, FAGO CONSTAR:

A conduta leve contraria á convivencia do/a alumno/a (nome do/a alumno/a), con data de de tipificada como a), b) c) d) e) f) das previstas no artigo 42 do Decreto 8/2015 con carácter de resolución firme para a súa posible consideración na determinación de reiteración de acordo co establecido na alínea k) do artigo 38 do citado decreto, dentro do presente curso escolar.

Mediante este documento notifícaselle a (nome da nai/pai/titor/a legal do/a alumno/a ou o propio alumno/a no caso de ser maior de idade ou análoga situación) esta comunicación para o seu coñecemento e cos efectos oportunos, contra o que poderá formular, de ser o caso, as alegacións que considere procedentes.

En Foz a de de

O/A director/a
(Nome e apelidos)

ANEXO IV: RESOLUCIÓN SOBRE O CÓMPUTO DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA A EFECTOS DE DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN

Nome e apelidos do destinatario ou dos seus representantes legais no caso de menores incapacitados/as)
Enderezo (rúa, número, porta etc.)
Código postal, localidade, concello, provincia

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DO (nome do centro) SOBRE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA FEITOS

(Breve explicación, de xeito claro e conciso, dos feitos que motivaron a determinación da conduta contraria á convivencia)



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 47 de 67

(Breve explicación, de xeito claro e conciso, dos pasos seguidos para a súa valoración e determinación de medida correctora)

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establece cales son as condutas leves contrarias á convivencia e a súa corrección.

A dirección do centro é a instancia competente para a aplicación das medidas g) e h) establecidas no artigo 43 do citado decreto.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Impoñer á/ ao alumna/o (nome da/o alumna/o) a seguinte medida correctora: que se corresponde co previsto na alínea g) / h), indicar o que proceda do artigo 43 do Decreto 8/2015.

Contra esta resolución poderá interpoñer solicitude de revisión perante esta dirección, dentro do prazo de dous días lectivos, contados a partir do seguinte á data de notificación, coas alegacións que estime oportunas, segundo o establecido no artigo 45 do dito decreto.

Mediante este documento notifícaselle a (nai/pai/titor/a legal do alumno/a ou o propio alumno/a no caso de ser maior de idade ou análoga situación) esta resolución segundo o esixido no artigo 44 do Decreto 8/2015. Así mesmo notifícaselle que esta conduta poderá ser considerada a efectos de determinación de reiteración, segundo o previsto na alínea k) do artigo 38 do citado decreto.

De non presentarse alegacións no prazo previsto, a medida será inmediatamente executiva e esgota a vía administrativa. Contra a mesma poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, ou ben acudir ao órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En Foz a de de

O/A director/a
(Nome e apelidos)

ANEXO V: ALEGACIÓNS ANTE MEDIDAS CORRECTORAS G) E H) DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DE CARÁCTER LEVE

ALEGACIÓNS ANTE MEDIDAS CORRECTORAS G) E H) DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DE CARÁCTER LEVE

(Nome e apelidos), con DNI (00000000X), e domicilio en (rúa, número), do municipio de , en representación do meu fillo/a/titorando/a (nome e apelidos, se procede),

EXPOÑO:

O día de de , notificóuseme resolución da dirección do CPR Plurilingüe Nosa Sra do Pilar de Foz, pola que se determinaba que o/a meu/miña fillo/a/titorando/a cometera unha conduta leve contraria á convivencia do centro e se lle impoñía a medida correctora (indicar) encadrada na alínea g) / h), indicar o que proceda do artigo 39 do Decreto 8/2015.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 48 de 67

En relación con isto, formulo as seguintes ALEGACIÓNS:

(Breve exposición dos motivos alegados para solicitar a revisión da medida)

Solicito que se revise a dita resolución da dirección do centro ao abeiro da nova información aportada.

ANEXOS

(Indicar cando se xunte documentación complementaria)

En Foz a de de

O/A interesado/a
(Nome e apelidos)

DIRECTOR/A DO CPR Plurilingüe Nosa Sra do Pilar-Foz

ANEXO VI: RESOLUCIÓN SOBRE REVISIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Nome e apelidos do destinatario ou dos seus representantes legais no caso de menores incapacitados/as)

Enderezo (rúa, número, porta etc.)

Código postal, localidade, concello, provincia

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DO CPR Plurilingüe Nosa Sra do Pilar de Foz SOBRE REVISIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

FEITOS

(Referencia á conduta que orixinou a primeira resolución)

Con data de de emíttese resolución desta dirección aplicando a medida correctora (indicar) que corresponde á prevista na alínea g) / h) (indicar o que proceda) do artigo 43 do Decreto 8/2015.



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 49 de 67

(Nome e apelidos) en representación do/a seu/súa fillo/a, tutelado/a (nome e apelidos, se procede) presenta, con data de de solicitude de revisión, de acordó co previsto no artigo 45 do dito decreto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establece que a dirección do centro, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

De acordo con todo o indicado,

RESOLVO: (marcar o que proceda)

Ratificar a medida correctora imposta á/ao alumna/o (nome e apelidos) mediante resolución do de de consistente en: .

Modificar a medida correctora imposta á/ao alumna/o (nome e apelidos) mediante resolución do de de impondo unha nova medida correctora consistente en:

Mediante este documento notifícaselle a (nai/pai/titor/a legal do alumno/a ou o propio alumno/a no caso de ser maior de idade ou análoga situación) esta resolución segundo o esixido no artigo 45 do Decreto 8/2015. Así mesmo notifícaselle que esta conduta poderá ser considerada a efectos de determinación de reiteración, segundo o previsto na alínea k) do artigo 38 do citado decreto.

A medida será inmediatamente executiva e esgota a vía administrativa. Contra a mesma poderá interponer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, ou ben acudir ao órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En Foz a de de

O/A director/a
(Nome e apelidos)

ANEXO VII: COMUNICACIÓN DUNHA POSIBLE CONDUCTA GRAVEMENTE PREXUDICIAL PARA A CONVIVENCIA

(Nome e apelidos do/a profesor/a)

(Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento)

(Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento)

Norma presuntamente infrinxida (esta mención non implica cualificación definitiva):

(marcar o que proceda)

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas,



PLAN DE CONVIVENCIA

PL CONV

Páxina 50 de 67

morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

